

ACTA Nº 12

DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 30 DE XUÑO DE 2011 -

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente: -ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

Concelleiros/as:

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN
JOSE RICARDO BESADA GESTO
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
ELISA BOUZAS VICENTE
ANA MARIA EITOR VIDAL
ADELINA CES QUINTANS
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSE CARLOS GEY HERMO
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
CARLOS HERINQUE FERNANDEZ COTO
MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO
SONIA CASTAÑO EIRAS

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belen Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as señores/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria da Corporación, de conformidade co establecido nos artigo 38 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais co obxecto de proceder á organización do novo Concello de Rianxo.

Ilo implica as seguintes 14 actuacións:

ORDE DO DIA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
POSTA EN COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E VOCEIROS.
DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS NA MESMA
DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.
DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE DELEGACIÓNS NOS CONCELLEIROS.
PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.
PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.
PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS.
PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.
PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUVAS E PARCIAIS.
DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE DE ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.
RENUNCIA DO CARGO DE CONCELLEIRO POR DON CARLOS HENRIQUE FERNANDEZ COTO.
PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS.
PROPOSTA ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 11 Sesión Constitutiva do día 11 de xuño de 2011.

A Presidencia pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

2.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E VOCEIROS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, pasa a palabra á Secretaria para que dé conta da constitución dos grupos políticos municipais:

De acordo co solicitado aos diferentes grupos políticos e co previsto nos artigos 74 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigos 23 e ss., do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, constituíronse os seguintes grupos políticos, mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, coa designación dos correspondentes voceiros e, no seu caso, suplentes, e que se entregaron a tal efecto na Secretaria da Corporación no prazo de 5 días estipulados dende a sesión constitutiva.

En consecuencia, os grupos políticos municipais, seus voceiros e suplentes son:

1.- PARTIDO POPULAR.

D^a. M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN
D. JOSE RICARDO BESADA GESTO
D^a. M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA
D. JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
D^a ELISA BOUZAS VICENTE
D^a. ANA MARIA EITOR VIDAL

Voceira: D^a. M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN
Suplentes: D. JOSE RICARDO BESADA GESTO.

2.- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

D. ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ
D^a. ADELINA CES QUINTANS
D. XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ
D^a. M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS
D. CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
D^a. HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

Voceira: D^a. ADELINA CES QUINTANS
Suplentes: D. XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ

3.- PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA- PSOE.

D. JOSE CARLOS GEY HERMO
D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
D. CARLOS HERINQUE FERNANDEZ COTO
D^a. MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO
D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS

Voceiro: D. JOSE CARLOS GEY HERMO

Suplentes: D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS>>

O Pleno dase por enterado.

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS NA MESMA

O Sr. Alcalde da conta da Resolución da Alcaldía nº 912/2011 en materia de nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e delegacións na mesma, de data 27 de xuño de 2011, que se transcribe a continuación:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Unha vez celebradas as Eleccións Locais o pasado día 22 de maio, e constituído o novo Concello, o 11 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, no exercicio da potestade de autoorganización que, o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei de Bases de Rexime Local, os municipios con mais de cinco mil habitantes contarán como órgano necesario coa denominada Xunta de Goberno Local.

Dito órgano integrase polo Alcalde e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal (actualmente 17), sendo nomeados e separados libremente pola Alcaldía, tendo en conta que as súas funcións son as de asistencia ao Alcalde no uso das súas atribucións e o exercizo daquelas atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue, amén das que lle puideran atribuír directamente as leis (artigo 23 da lei 7/1985, e 52 e 53 do RD.2568/1986). As atribucións que se deleguen na Xunta de Goberno Local exerceranse de conformidade co previsto nos artigos 114 a 118 do Rd.2568/1986.

Dito esto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Rexime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, e tendo en conta asimesmo a necesidade de determinar o rexime de sesión de dito órgano,

RESOLVO:

Primeiro: *Revogar a Resolución da Alcaldía nº 769/2007, do día 20 de xullo, e a súa modificación por Resolución nº 1280/2009, do día 27 de agosto, pola que se determinaba a composición e competencias da Xunta de Goberno Local.*

Segundo: A Xunta de Goberno Local do Ilmo Concello de Rianxo, estará formada por este Alcalde e cinco concelleiros/as:

- D. JOSE CARLOS GEY HERMO
- D^a. ADELINA CES QUINTANS
- D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
- D. CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
- D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

Terceiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións delegables desta Alcaldía:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

1.- A resolución sobor da aprobación ou non, dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias parcelación, edificación, demolición e demais actos de uso de solo e subsolo , incluídas as licencias de primeira ocupación das edificacións, agás os expedientes de reposición da legalidade, os sancionadores nesta materia, e caducidade dos mesmos.

3.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización no solo rústico e outros informes que determine a normativa sectorial a expedir pola corporación e que non estén atribuídos expresamente a outro órgano, relativos a temas urbanísticos ou medioambientais.

4.- A resolución dos expedientes suxeitos á normativa sobre actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, e demais licenzas na materia, e informes de carácter corporativo que se indiquen pola normativa aplicable.

5.- A emisión de informe e resolución, cando corresponda, dos expedientes relativos a espectáculos públicos e actividades recreativas, así como a concesión das correspondentes licencias e autorizacións; agás no referente a bailes e verbenas populares.-

6.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións: vados, entrada en beirarruas, reserva de via publica, terrazas, colocación de vallas, e ocupación de via publica en xeral e incluso de voo publico (grúas).

7.- Autorización de instalacións varias en via ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, ...)

8.- Acordos de execución de obras menores, ou reposición de servizos a instancia de particulares.

9.- A aprobación urbanística de memorias, dos proxectos de obras, e demais necesarios para a execución das obras municipais, agás plans de seguridade e saude e programas de traballo, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde (apartado anterior) e estean previstas no orzamento municipal.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

1.- Nas contratacións que superen o importe do contrato menor e dentro dos límites competenciais que ao Alcalde outorga o Disposición Adicional 2ª LCSP : unicamente a incoación e aprobación do expediente previa á apertura do procedemento da licitación.-

C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA:

1.- Os actos de recoñecemento de obrigas e ordenación de pagos derivadas da tramitación de contratos aprobados de forma previa ao inicio da licitación delegados en virtude do disposto na letra B.1.

2.- Os actos de autorización, disposición, recoñecemento de obrigas de gasto e ordenación de pagos tramitadas conxuntamente, agás nos seguintes supostos: nóminas de persoal, seguridade social, IRPF e intereses,

comisións bancarias e amortización de préstamos, nos que a autorización e disposición dos gastos e o recoñecemento e liquidación das obrigas será competencia da Alcaldía calquera que sexa a súa contía. Exceptúanse os casos en que concorran razóns xustificadas de urxencia e/ou necesidade, nos que poderán ser aprobados mediante Resolución de Alcaldía.

3.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas.

4.- Autorización de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.

5.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.

6.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

7.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

8.- Aprobación de liquidacións definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.

9.- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

10.- Concesións de aplazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

11.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.

D) EN MATERIA DE BENS:

1.- Adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, nos termos e dentro dos límites establecidos na normativa aplicable (disp.adic.9ª Lei 8/2007, e disp.adic.2ª Lei 30/2007)

2.-Incoación e resolución dos expediente relativos ao uso e defensa dos bens municipais: investigación, deslinde, recuperación de oficio.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

1.- Acordar o inicio do expediente de selección de persoal laboral temporal.

2. Aprobación das bases das probas para selección de persoal.

4.- Concesión de anticipos ó persoal.

5.- Aprobar o recoñecemento do primeiro trienio ao persoal municipal, así como o recoñecemento de servizos previos, no seu caso.

6.- Aprobación de gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral, previamente autorizadas polo responsable do servizo co visto bo do concelleiro da área. Outorgamento de complementos de produtividade previa xustificación polo concelleiro da área

F) NOUTRAS MATERIAS:

1.- Autorización de convenios cando se instrumenten a través subvencións de calquera entidade pública ou privada, e, na que a competencia non estea atribuída por Lei a outro órgano.

2.- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos da competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.

3.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.

Estas delegacións son sen prexuízo das dacións de conta que procedan ante a Xunta de Goberno Local, especialmente a recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello, e sentenzas ditadas. Asimesmo, relación de comunicacións previas e declaracións responsables en materia de apertura de establecementos e exercizo de actividades recibidas, ou denuncias ou informes de inspección respecto daquelas non comunicadas, declaradas ou autorizadas, de se-lo caso.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de 10 días hábiles, de acordo co disposto no artigo 112 do ROF. Na mesma sesión deberase aceptar por dito órgano a delegación das atribucións aquí efectuadas.

Quinto.- A Xunta de Goberno celebrará as súas sesións ordinarias, o **2º e 4º martes de cada mes, ás 20:00 horas**, nas dependencias do Concello, polo tanto, con periodicidade quincenal, previa convocatoria ao efecto realizada por esta Alcaldía, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente de maioría absoluta na primeira convocatoria (Alcaldía e 3 membros), bastando a presenza de 1/3 dos membros na segunda.

Sexto.- As sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan no mes de agosto, Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, poderán ser alteradas cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais. Así mesmo, a Alcaldía poderá pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo.

Sétimo.- A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Oitavo.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.>>

O Pleno dase por enterado.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE

O Sr. Alcalde da conta da Resolución da Alcaldía nº 913/2011 en materia de nomeamento dos Tenentes de Alcalde, de data 27/06/2011, que se transcribe a continuación:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Unha vez celebradas as eleccións locais o pasado día 22 de maio, e constituído o novo concello, o día 11 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular polo que se refire á designación dos Tenentes de Alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 62 e 63, a designación dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como Tenentes de Alcalde os/as seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

- Primeira Tenente de alcalde: D. JOSE CARLOS GEY HERMO
- Segundo Tenente de Alcalde: D^a. ADELINA CES QUINTANS
- Terceiro Tenente de Alcalde: D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO

Segundo.- *Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, o Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.*

Terceiro.- *Comunicar este Decreto aos Tenentes de Alcalde nomeados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.*

Cuarto.- *Da presente resolución darase conta o Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, ser perxuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.>>*

O Pleno dase por enterado.

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE DELEGACIÓNS NOS CONCELEIROS

O Sr. Alcalde, da conta da Resolución de Alcaldía nº 914/2011 en materia de delegacións nos concelleiros, de data 27/06/2011, que se transcribe a continuación:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O artigo 23 da Lei 7/1985 de bases de Réxime Local permite á Alcaldía delegar o exercizo de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais para cometidos específicos en favor de calquera concelleiro, aínda que non formaran parte de dito órgano.

No tocante ás mencionadas delegacións, e ao abeiro dos artigos 43, 44 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais, indicar:

- *Delegacións xenéricas: referiranse a unha ou varias areas determinadas, e poderán comprender as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída no seu caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*
- *Delegacións especiais: un dos supostos de delegacións deste tipo son as relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprendera a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver. O exercizo desta delegación poderá ser supervisada polo concelleiro con delegación xenérica.*

A realización das delegacións efectuarase por Resolución da Alcaldía, determinándose o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, e as condicións específicas do exercizo das mesmas.

De conformidade co artigo 115 do Rd.2568/1986, a Alcaldía como órgano delegante conserva as facultades seguintes respecto das delegacións conferidas:

- *a de recibir información detallada da xestión da competencia delegada, e de incluírse tamén dos actos e disposición emanados polo delegado.*
- *A de ser informado previamente a adopción de decisións de especial trascendencia.*
- *A de considerarse ditados pola Alcaldía os actos do órgano delegante, a efectos da interposición de recursos, agás expresa delegación.*

Dito esto, vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986,

RESOLVO:

Primeiro: Efectuar as seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS en pro dos concelleiros que a seguir se indican, para os servizos que se corresponden con:

- D. CONSTANTINO CASTAÑO CALVO: Obras, Servizos, Vías, Parques e Xardíns, Praias.
- D. XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ: Medio ambiente.
- D^a ADELINA CES QUINTANS: Servizos sociais.
- D^a. M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS: Turismo
- D. HADRIANA ORDOÑEZ OTERO: Educación, cultura e normalización linguística.
- D. JOSE CARLOS GEY HERMO: Urbanismo, Industria, Comercio, Mar e Novas Tecnoloxías.
- D^a. MARIA OLGA GONZALEZ DOURADO: Igualdade.
- D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO: Deportes e Saúde.
- D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS: Economía e facenda.

Segundo: As delegacións conferidas abrangueran a dirección interna e xestión dos servizos incluídos, agás a facultade de resolver, e exerceranse garantindo en todo caso, a unidade de goberno na xestión municipal, e axustándose ao disposto no artigo 115 do Rd.2568/1986 antedito.

En ningún caso o concelleiro-delegado podera delegar a súa vez a delegación outorgada.

Terceiro.- A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución ser perxuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.>>

O Pleno dase por enterado.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

<<Visto o disposto nos artigos 4.1.a) e 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LRBRL), artigo 47 do RD. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) e artigo 38 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que segundo o artigo 46.2 a) da LRBRL, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.0001 e 20.000 habitantes, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria con periodicidade mensual. A sesión terá lugar **o último xoves de cada mes que corresponda e iniciarse as 20:00 horas**, no Salón de Sesións da Casa Consistorial.

Segundo.- As sesións que coincidan en xoves festivo, ou no mes de agosto, Semana Santa e Nadal, poderán ser alteradas unha semana antes ou despois.

Terceiro.- Consonte co anterior, e aos efectos de por en marcha o funcionamento ordinario do Pleno, considerando ademais a realización destes plenos organizativos nestes días de xullo, a súa primeira sesión ordinaria terá lugar o xoves 25 de agosto de 2011.>>

O Alcalde remata engadindo que o motivo é favorecer a presenza de veciños nos actos plenarios e, así mesmo, a capacidade de facer propostas e presentalas polos diferentes grupos municipais e acadar un mellor funcionamento das atribucións plenarias.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanesa Martínez Durán**, dí que están a favor.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que cómpre salientar que non va a afectar o aumento da periodicidade ao montante económico polas asistencias, xa que prevese unha limitación de número de sesións máxima a remunerar.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, di que foi unha petición de antano do BNG, que agora fanna efectiva para que se podan levar as propostas ao día.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 16 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG, 6 do BNG e 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIONS INFORMATIVAS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía de data 27/06/2011, relativa á creación e composición das Comisións Informativas, que se transcribe a continuación:

<<Considerando que consonte ao disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Considerando que consonte ao establecido nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 59.2.c) e 66.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, a Comisión Especial de Contas existirá en todos os Concellos.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladoras das Bases do Réxime Local, e artigos 124-126, 134 e 135 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. – Constituír as seguintes **Comisión Informativas Permanentes**:

- a) Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, e Normalización Lingüística.
- b) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Participación, persoal e asuntos internos.
- c) Comisión Informativa de Obras, Servizos, Protección Civil, e Medio Ambiente.
- d) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria, Comercio e Emprego.
- e) Comisión Informativa de Deporte, Xuventude, Muller e Sanidade.
- f) Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda.

Segundo. - Constituír a **Comisión Especial de Contas**, xa que a súa existencia é obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, de acordo co previsto na normativa vixente.

Terceiro. – Constituír, como Comisión Informativa Especial, e concretamente para o seu obxecto a **Comisión Informativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal**.

Cuarto. - A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- Presidente nato das Comisións: O Alcalde, que delegará a Presidencia en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión e mediante elección efectuada no seu seno.

- Vogais-Concelleiros:

1 do BNG

1 do PSdeG-PSOE

1 do PP.

Quinto. - De conformidade co artigo 125 do ROF, a adscrición concreta a cada Comisión dos membros da corporación, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.>>

O Alcalde di que se ben non é obrigatorio, pensa delegar a Presidencia destes órganos a fin de acadar a proporción máis rigorosa, de xeito que cada grupo dispoña dun membro en cada Comisión.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanessa Martínez Durán**, dí que non ten nada que dicir xa que non se contou con eles para determinalas.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que están de acordo, e considera que facilita o traballo da oposición.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintans**, di que a apoian xa que, con independencia de que non se negociara, a proporción é o máis axustada posible.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e 6 do BNG), e 6 abstencións (dos 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía de data 27/06/2011, relativa á delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local, que non na Alcaldía, que se transcribe a continuación:

<<Consonte ao disposto no artigo 54 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno pode delega-lo exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), e p), e no apartado 3 do último dos artigos citado.

En virtude do exposto, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado a prol da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno da Corporación con anterioridade ó presente acordo.

Segundo.- Delegar na XGL o exercicio das seguintes atribucións delegables:

- Do artigo 22 da Lei 7/85, de bases de rexime local:

j. O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

ñ. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos en los presupuestos.

Terceiro.- Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.>>

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanesa Martinez Durán**, dí que absteráanse.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que a apoian.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, di que a apoian.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e 6 do BNG), e 6 abstencións (dos 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía de data 27/06/2011, relativa ao nomeamento de representantes da corporacións en órganos colexiados, que se transcribe a continuación:

<<Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Xa que logo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares aos concelleiros/as:

*CEIP "A. Mª Dieguez" (Asados): D. Jose Carlos Gey Hermo.
CEIP "Brea Segade" (Taragoña): Pendente.
IES "Félix Muriel": D. Maria Olga Gonzalez Dourado.
CEIP "A.D.R. Castelao": Dª Maria Teresa Sobradelo Iglesias.
C.R.A.: Dª Adelina Ces Quintans.
Escola Infantil "Galiña Azul": Hadriana Ordoñez Otero.*

Segundo.- Nomear, de acordo co previsto no artigo 11 nos estatutos da Fundación Museo do Mar, aos seguintes representantes:

Patróns natos:

- O Alcalde do Concello de Rianxo.
- Concelleiro de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude.
- Concelleiro de Economía e Facenda.
- 1 representante de grupo político municipal distinto ao goberno.

A estes efectos e de acordo co previsto nos Estatutos da Fundación Museo do Mar, os grupos políticos municipais que integran a corporación, diferentes do grupo de goberno, deberán propoñer un patrón nato para a Fundación do Museo do Mar.

Terceiro.- Nomear como representante na Mancomunidade "Arousa Norte", en tanto vogal nato ao Alcalde do Concello de Rianxo.

Cuarto.- Nomear como representante no Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, conforme aos Estatutos do Consortio, publicados no Diario oficial de Galicia nº 131, do 07 de xullo, xunto co acordo fundacional, que determinaban que os concellos designarán os seus representantes entre os seus membros corporativos, mais tendo en conta que o artigo 10 do Regulamento interno do Consortio, parte da consideración como delegados aos alcaldes dos concellos consorciados: O Alcalde do Concello de Rianxo.

Quinto.- **Proponse** nomear como representantes municipais na Mesa Local de comercio, considerando a existencia de 1 sóa asociación empresarial rianxeira, e ante a ausencia de asociación de consumidores e usuarios, contar con unha a nivel provincial, a 2 concelleiros, sendo 1 do grupo de goberno e 1 do grupo político municipal distinto aos do goberno.

Sexto.- Nomear como representante nas iniciativas comunitarias EQUAL e PRODER, ao Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue.

Sétimo.- Notifica-lo presente acordo aos Concelleiros/as designados, aos Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos, e ao resto de organismos.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanesa Martínez Durán**, dí que vanse abster.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que estan de acordo.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintans**, di que a apoian.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e 6 do BNG), e 6 abstencións (dos 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUVAS E PARCIAIS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía de data 27/06/2011, relativa á dedicacións exclusivas e parciais, que transcrita literalmente di:

<<Considerando as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos Alcaldes e a dedicación necesaria para o bo goberno deste Concello se propón en primeiro lugar a dedicación exclusiva para o cargo do titular da Alcaldía, no exercicio da súa función representativa e institucional e na alta función directiva de tódolos servizos municipais. En segundo lugar, tamén se considera necesaria a dedicación exclusiva dun concelleiro para o exercicio das responsabilidades que supoñen a delegación especial encomendada polo alcalde de dirección, impulso e coordinación en materia de Urbanismo, Industria, Comercio, Mar e Novas Tecnoloxías.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións da Alcaldía e o concelleiro responsable da Área que se conteñen no presente, co informe de Secretaría e Intervención, con base no preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e estudadas as especiais características do Concello, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Recoñecer a dedicación exclusiva ao Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 41.000 € brutos anuais (ou ben a que se contemple en cada orzamento) non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos. Ese importe inclúe a cantidade en concepto de trienios que como empregado público lle corresponden.

O presente acordo surtirá efectos sempre que polo Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, como consecuencia da súa situación administrativa de empregado público, se proceda á presentación neste Concello da declaración do pase á situación administrativa de servizos especiais realizada polo órgano competente, e acepte expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación exclusiva, debéndose comunicar esta circunstancia ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Segundo. - Recoñecer a dedicación exclusiva ao Sr. Concelleiro, D. José Carlos Gey Hermo a que se lle encomendou polo alcalde a delegación especial en materia de Urbanismo, Industria, Comercio, Mar e Novas Tecnoloxías, ao que se lle esixirá a dedicación de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 36.900,00 € brutos anuais (ou ben a que se contemple en cada orzamento) non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Terceiro. - Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

Cuarto. - Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

Quinto.- Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento .

Sexto.- Aprobar a modificación da base 25ª das Bases de execución do Orzamento 2011, que quedaría como segue:

“BASE 25ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1º) As retribucións por dedicacións dos membros do Concello serán :

Nº		Retribución anual por posto
1	Alcalde (dedicación exclusiva)	41.000,00€ (Ese importe inclúe a cantidade en concepto de trienios que como empregado público lle corresponden)
1	1º Tenente de Alcalde, delegado especial en materia de Urbanismo, Industria, Comercio, Mar e Novas Tecnoloxías (dedicación exclusiva)	36.900,00 €

Sétimo.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

Oitavo.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

Noveno.- Que se remita copia da referida modificación das Bases de Execución do Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.>>

Consta informe emitido pola Secretaria e Intervención municipal do 27 de xuño de 2011.

O Alcalde di que resultado do acordo entre o PSdeG-PSOE e o BNG é esta proposta, na procura de ser atendido e xestionado o concello da millor forma posible. Sinala ademais que, as dedicacións exoneran do pago de asistencias.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanesa Martínez Durán**, dí que co importe do soldo que cobrará o Tenente de Alcalde, reducíndose podería dotarse outra dedicación parcial dun concelleiro para atender outras áreas. Vanse abster xa que non participaron na proposta.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que sabe que é un asunto polémico e que sempre conleva dúbidas sobre as funcións que realmente se poden estar a desempeñar, o que non se sabe sen facer un estudo de cales en cada área de actuación. Mais neste caso, en base ao pacto PSdeG-PSOE e o BNG, acordase propoñer unicamente dúas dedicacións, reducíndose así nunha as existentes no mandato anterior, e se vemos o montante adicado noutros mandatos minorase nun 40% respecto dos anteriores, e nun 29% respecto do último. Creemos que é razoable e coherente. Manifesta que os salarios poden verse altos se non se acadan os obxectivos e serán baixos se a xestión resulta ser boa. Con elo apoian a proposta e o tempo dirá se é axeitada.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintans**, di que a apoian.

Pecha o turno de intervencións o Alcalde que di, que a estas datas, e vista xa a composición e propostas noutros concellos, sen ir mais lonxe os de Arousa Norte, e tendo en conta que se está a prescindir de persoal de gabinete, a proposta reflicte un compromiso pola austeridade. Insta a quen o dubide a que faga un repaso das noticias de prensa, e comprobe os gastos acordados noutros concellos con estruturas paralelas de gabinete. Por todo elo, o ve como un gasto comedido e que se traducirá en resultados.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e 6 do BNG), e 6 abstencións (dos 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

11.- DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE DE ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ

Neste asunto o Alcalde, trala aprobación da dedicación anterior, pasa a palabra á Secretaria para que explique o asunto.

A Secretaria di que constan referencias a este asunto no informe emitido pola Secretaria e Intervención municipal do 27 de xuño de 2011 respecto das dedicacións, no apartado B.4., xa que logo, visto que en favor de D.Adolfo F. Muíños Sanchez tense adoptado acordo nesta sesión a asignación dunha dedicación exclusiva, e considerando que a súa actividade profesional que viña desenvolvendo nunha Administración Publica, ocasiona unha incompatibilidade, tal e como determina o artigo 75 da Lei 7/85, de bases de réxime local, que indica:

“ 2.- De acordo co establecido no artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, terán dereito a percibir retribucións e a ser dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social os membros das Corporacións Locais que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva (e parcial, en virtude da Lei11/99, de 21 de Abril, de modificación da LRBRL).

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.”

Producida a causa de incompatibilidade co anterior acordo plenario, e de ser aceptada expresamente dita dedicación exclusiva polo interesado, débese ser declarada a mesma polo Pleno corporativo. O afectado por tal declaración deberá optar, no prazo de 10 días seguintes a aquel en que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que da orixe a esta incompatibilidade. Todo elo de conformidade co estipulado no artigo 75 da Lei 7/85, e RD. 2568/1986.

A Secretaria pregunta ao Alcalde se pensa aceptar a dedicación, sen prexuízo de facelo constar por escrito. D. Adolfo F. Muíños di que sí a acepta.

En consecuencia, aceptada expresamente a dedicación exclusiva polo Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, este Pleno DECLARA A INCOMPATIBILIDADE en que incurre o mencionado concelleiro pola súa actividade profesional, outorgándolle un prazo de 10 días para que opte por unha ou outra condición.

12.- RENUNCIA DO CARGO DE CONCELLEIRO POR DON CARLOS HENRIQUE FERNANDEZ COTO

Dase conta do escrito presentado polo Rexistro xeral o día 27 de xuño de 2011 (RXE nº 3835) polo concelleiro D. Carlos Henrique Fernandez Coto, no que expresa a renuncia ao cargo de concelleiro, alegando motivos persoais.

Neste asunto faise saber que ao abeiro da Instrucción da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

A Xunta Electoral, unha vez recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do PS de G-PSOE nas eleccións municipais do presente ano, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a D.FRANCISCO CARNOTA CRUCES, que figura no posto 6 da mesma. Sen embargo, dito candidato ten presentado o día 27/06/2011 (RXE nº 3836), escrito comunicando a súa renuncia a ser nomeado concelleiro da corporación.

Coñecendo por tanto de dita comunicación do posible candidato electo, e a expensa da súa aceptación pola Xunta Electoral, á que se lle remitira xunto coa do concelleiro renunciante, procede remitir ambas e solicitar a expedición da credencial en favor do candidato seguinte da lista electoral do PSdG-PSOE, o numero 7, que sería DONA ANA MARIA AGRELO REY.

Sínálase que, a renuncia do concelleiro xa posesionado na sesión constitutiva requirirá, unha vez tome posesión a nova concelleira, nova composición do grupo municipal do PS de G-PSOE polo que o voceiro do PS de G-PSOE deberá presentar o escrito do grupo asinado polos membros do mesmo-

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D. Carlos Henrique Fernandez Coto e, visto que consta comunicación de que o candidato seguinte da lista electoral do PSdG-PSOE, o nº 6, isto é D. FRANCISCO CARNOTA CRUCES pola que renuncia a ser nomeado concelleiro electo, solicítase da Xunta Electoral Central, que se leven a cabo os trámites oportunos para a substitución do concelleiro renunciante por DONA ANA MARIA AGRELO REY, remitindo a esta corporación a credencial como tal.

13.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía de data 27/06/2011, relativa ao réxime económico das asistencias, que transcrito literalmente dí:

<<Considerando que, segundo o disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos, as retribucións, indemnizacións e

asistencias recollidas nos catro primeiros apartados no artigo citado, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso.

Vista a base 25 de execución do orzamento e de acordo co previsto nela, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar na cantidade de 210,00 € a asistencia a Xunta de Goberno Local, dos concelleiros membros desta, excepto que perciban dedicación exclusiva ou parcial, ata un máximo de dúas Xuntas por mes.

Segundo.- Fixar na cantidade de 95,00 € a asistencia ás Comisións Informativas dos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial e que non sexan membros da Xunta de Goberno Local, ata un máximo de 12 Comisións ao ano, coa excepción do exercicio 2011 onde o límite fíxase en 6 Comisións.

Terceiro.- Fixar na cantidade de 105,00 € a asistencia aos Plenos Municipais dos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial e que non sexan membros da Xunta de Goberno Local, ata un máximo de 12 Plenos ao ano, coa excepción do exercicio 2011 onde o límite fíxase en 6 Plenos Municipais.

Cuarto.- Publicar o presente no BOP, de acordo co previsto no art. 75.5 LRBRL.

Quinto.- Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

Sexto.- Aprobar a modificación da base 25ª das Bases de execución do Orzamento 2011 que a que se engade un novo punto quedaría como segue:

“BASE 25ª: RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

.....

2º) Asistencias dos membros da corporación pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte:

- a) os concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, 210,00 € por asistencia á Xunta de Goberno Local, ata un máximo de dúas Xuntas por mes, excepto que perciban dedicación exclusiva ou parcial.
- b) os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial e que non sexan membros da Xunta de Goberno Local, 95,00 € por asistencia a Comisións Informativas, ata un máximo de 12 Comisións ao ano, coa excepción do exercicio 2011 onde o límite fíxase en 6 Comisións.
- c) Os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial e que non sexan membros da Xunta de Goberno Local, 105,00 € por asistencia ós Plenos Municipais, ata un máximo de 12 Plenos ao ano, coa excepción do exercicio 2011 onde o límite fíxase en 6 Plenos Municipais.”

Sétimo.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

Oitavo.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

Noveno.- Que se remita copia da referida modificación das Bases de Execución do Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.>>

Consta informe emitido pola Secretaría e Intervención municipal do 27 de xuño de 2011.

O Alcalde insiste en que no acordo figura un máximo de 6 sesións a remunerar polo que resta de tempo ata o 31/12/2011, logo volveríase ao total de 12 sesións anuais como límite, sen prexuízo de que se realicen mais sesións.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanesa Martínez Durán**, dí que vanse abster.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que cómpre lembrar o feito de que os membros da Xunta de Goberno Local, non cobrarían por asistencia a Plenos nin a Comisión informativa.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, di que a apoian.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e 6 do BNG), e 6 abstencións (dos 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

14.- PROPOSTA ASIGNACIONES AOS GRUPOS

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía de data 27/06/2011, relativa as asignacións aos grupos, que se transcribe a continuación:

<<Considerando que, segundo o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da corporación, con cargo aos Orzamentos anuais desta, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Vista a base 25 de execución do orzamento e de acordo co previsto nela, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Establecer, como compoñente fixo da dotación económica aos grupos políticos municipais, a cantidade de 35,00 €/mensuais.*

Segundo.- *Establecer, como compoñente variable da dotación económica aos grupos políticos municipais, outra cantidade igual (35 €/mensuais), multiplicada polo número de membros que o integran.*

Terceiro.- *Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento*

Cuarto.- *Aprobar a modificación das Bases de execución do Orzamento 2011 que añade una base 25 bis que quedaría como segue:*

“BASE 25ª bis: DOTACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

*Os grupos políticos municipais terán dereito a unha dotación económica de 35,00 € mensuais, á que se lle deberá engadir outra cantidade igual mensual multiplicada polo número de membros que o integran
No caso de que por motivo da data de adopción deste acordo non corresponda a dotación económica por mes completo prorratearase por días. ”*

Quinto.- *Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

Sexto.- *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.*

Sétimo.- *Que se remita copia da referida modificación das Bases de Execución do Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma>>*

Consta informe emitido pola Secretaria e Intervención municipal do 27 de xuño de 2011.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanesa Martínez Durán**, dí que vanse abster.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que están a favor.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintans**, di que a apoian.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, resultando aprobada polos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e 6 do BNG), e 6 abstencións (dos 6 concelleiros do P.P) e cero votos en contra dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:58 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo